

BACEIREDO, Rebeca: *A revolución non vai ser televisada*, Euseino?, Vigo, 2013, 166p.

Con este título, Rebeca Baceiredo ofrece unha reflexión sobre a situación, e a posíbel posición, do suxeito na sociedade occidental contemporánea, ou sexa, baixo o poder do capitalismo global. Da situación, trátase na primeira parte: “Capitalismo, poder e suxeitos”. A posición vértese na segunda parte: “Que podemos ser?”.

O título, “A revolución non vai ser televisada”, pode despistar. Aclárao un texto en exergo: a revolución está, será, fóra do sistema. Mais o libro non trata da revolución. Ou si, mais dunha forma peculiar, como veremos ao final. O subtítulo orienta máis: “devir imperceptible seguindo a Gilles Deleuze”. Escapar ao control, como tentativa, se non de revolución, polo menos de resistencia.

De todas as maneiras, semellante hipótese pode suscitar a perplexidade, pois a imperceptibilidade é tamén un trazo sistémico, unha marca imposta aos (seus) suxeitos, que viven baixo o rexime da pobreza e a exclusión. Actualmente, por toda a parte, os individuos non contan nada, excepto naquilo que son funcionais, rentábeis para a economía e a política. Pois ben, para facer eses cálculos é necesaria e argallada unha representación. Eis o albo, e o núcleo, da crítica e a proposta de Baceiredo, seguindo a Deleuze: desfacerse da representación. É unha opción complexa, non falta de incerteza e ambigüidade. Mais, é formulada e sustentada con determinación. Disto, dan unha idea e son unha mostra, respectivamente, o “Prólogo” (pp. 15-21) e o “Epílogo” (pp. 151-153).

Na primeira parte, “Capitalismo, poder e suxeitos” (pp. 23-103), Baceiredo traza unha visión panorámica do sistema capitalista mundial actual,

---

Recibido: 04/05/2015. Aceptado: 06/05/2015.

tendo como protagonista o individuo-suxeito. O seu ollar fíxase no aspecto económico, a explotación, e, sobre todo, no ámbito político, na dominación: o estado e o poder, nas faces semiótica e normalizadora. A este respecto, tómase como referencia Foucault, mais tamén Negri, Adorno, Horkheimer, Habermas, entre outros. Deleuze brinda aspectos cruciais da lóxica sistémica: axiomática capitalista, xestión do desexo, etc. E, tamén, a base do retrato final do suxeito, que ten trazos importantes de Foucault e os outros. Sintetizando, ser suxeito é estar suxeito. E a saída, dito coas nosas palabras, vai consistir, non en ser, senón en estar: exactamente, autora dirá “devir”.

Con ese horizonte, na segunda parte, “Que podemos ser?” (pp. 105-149), Baceiredo responde esa pregunta asinalando un imperativo moral: hai que devir. Ou, mais exactamente, debo devir. Porque, máis que un imperativo, é unha auto-imposición, unha opción persoal. Deleuze e, a través deste, Spinoza e Nietzsche fornecen os contidos. O resultado é unha posición que podemos denominar, non pre-moral ou pre-ética, senón ante-moral ou ante-ética. Porque está antes destas. A autora propón unha revolución gno-seolóxica, con consecuencias éticas para o propio individuo que fai unha revolución no pensamento: muda a auto-comprensión e, con ela, a experiencia interior. A vista, e a seguir a vida, é desfacerse. O que debería traducirse, politicamente, en desfacer. Mais isto fica lonxe, como a ética mesmo. Salvo no referido a si propio. É ilustrativa, a este respecto, a referencia a Lispector.

Esta escritora, Lispector, por outra parte, representa unha excepción, unha das poucas, no rexistro bibliográfico filosófico proporcionado por Deleuze (“Obras de Gilles Deleuze”, pp. 155-157) e os outros (“Bibliografía”, pp. 159-162).

Ao final, pois, trátase da revolución. Mais, como antano se falaba das revolucións dos planetas, dos seus movementos en torno a si mesmos e no espazo, aquí se pensa outras revolucións doutros planetas: a revolución interior dos seres humanos. Planetas significa errantes. E diso se trata, de saír das órbitas e errar. Para comezar, dentro de si propio, que é tamén fóra de si propio, pois o “si” e “o propio” é o primeiro que, seguindo a Rebeca Baceiredo na interesante e documentada reflexión vertida neste libro, ha de suspenderse.

Luís G. Soto